

A Guerra Silenciada

Mortes Violentas na Comarca de Ordes
1936-1952



FUXIDA DO ALCALDE REPUBLICANO DE SILLEDA

Ante a présa con que, se desenvolven os acontecementos en Galicia ao amparo do exército sublevado o 18 de xullo 1936, todo fai presaxiar o futuro de cor escura para os que, dun principio, se opuxeron ao levantamento dalgúns militares.

Así é que, D. Emilio Alonso Paz alcalde de Silleda, en compañía do seu fillo Luis Alonso, escolle ir a Santiago de Compostela na tarde do 21 de xullo coa intención de procurar un lugar confiado. En Compostela, observa as rúas ocupadas polos militares. Non se fala doutra cousa, máis ca do movemento. O 23 de xullo é feira en Santiago, acorda volver a Silleda no coche de liña, apeándose na Bandeira. Atopa con Ramón de Valenzuela que lle aconsella fuxir. Esa mesma noite vai durmir a Laro. Despois de deambular polos lugares de Acibeiro e Grobas, o 19 de agosto sae cara Ourense. Dous días mais tarde atravesa a fronteira de Portugal preto de Verín, establecéndose uns días en Chaves (Portugal).

D. Emilio é ben acollido polos veciños portugueses, recibindo afectuosos comentarios en favor da República. Trasládase á cidade portuguesa de Vidago. Recibe telegrama da familia, indicándolle que vaia a Vila Real, alí poderá arranxar a documentación tan precisa para continuar coa fuxida por Portugal. Non vai ter tempo. O 3 de setembro foi detido e conducido á fronteira de Tui pola policía portuguesa¹⁰.

Evaristo Mosquera, no seu libro “Cuatro años a bordo de una isla” recorda a curta estadía de D. Emilio Alonso Paz na illa de San Simón: *Tuvimos unos días con nosotros al que había sido Alcalde republicano de Silleda, que fue entregado por el maldito régimen de Salazar a sus aliados, que se apresuraron a conducirlo a Consejo de Guerra y a aplicarle la terrible sentencia que tenían reservada para estos casos.*

ÚLTIMOS DÍAS DE D. EMILIO ALONSO PAZ

Orixínase o Consello de Guerra a: D. Emilio Alonso Paz e outros, polo delito de Rebelión Militar. É sentenciado a morte. Neste proceso atópanse tamén os concelleiros: Daniel Sanchez Mallo de Silleda, Antonio Costoyas Ares de Negreiros, condenados a reclusión perpetua e os veciños da Bandeira José Pérez Canicobas, Remigio Balboa López á pena de 15 anos de reclusión temporal¹¹.

¹⁰ Diario persoal de D. Emilio Alonso Paz, Causa 49/37.

¹¹ Causa 49/37. Sentencia.

Preto dos días da execución da sentenza o alcalde de Silleda escribe unha carta de despedida dirixida a Daniel Sanchez Mallo e Antonio Costoyas Ares¹².

Sr. D.

Daniel Sánchez Mallo y Antonio Costoyas Ares.

Mis queridos compañeros, en estos críticos momentos preparado para el sacrificio, escribo esta nota afín de recalcaros vuestras obligaciones contraídas. Sabéis mis secretos los haréis públicos en su día y al mismo tiempo recordaos del Notario Bremon. Tu Daniel se recuerda lo que me dijo en Vigo, fijaos en los enemigos no os dejéis engañar diciendo que hicieron algo por nosotros, no creáis que la culpa la tuvo el cabo, fue obligado a ello, me entendéis, ahora se justifica las luchas entre él y Brañas, fijaos que el informe lo dio el que estaba hoy.

Ahora quiero manifestar que estoy muy animado, considero mi fin como una cosa natural tenía que terminar así, asesinado por los señoritos que sabéis, mi muerte servirá para justificar la venganza así como mis compañeros ya juzgados estoy tan entrañado ya con la muerte que duermo tranquilamente. Esta noche aún dormí desde las once hasta las ocho de la mañana con un intervalo de una hora. El triunfo está cercano y vosotros ya en vuestras casas. Quiero hacer una súplica proteger a mi familia en lo que podáis, colmar de cariños y atenciones a mi queridísima esposa que tanto quiero, cuanto hagáis por ella lo haréis en mi memoria. Esta suplica la hago extensiva a todos los amigos que me quedan por medio de vosotros.

Espero lo cumpláis, os saluda abraza y desea seáis felices, vuestro mejor amigo. Emilio Alonso Paz. Cárcel de Pontevedra a once de marzo de 1937.

Emilio Alonso Paz foi executado o 16 de marzo de 1937, ás 18:30 nó Km 1 dá Avda. Uruguai. Monteporreiro. Pontevedra.


A GUERRILLA NA COMARCA DO DEZA E TABELIÓS

A epopea guerrilleira na comarca do Deza foi e segue sendo un segredo estritamente gardado, do que soamente falaba o pobo con certa simpatía. Os instrumentos mediatizados e propagandistas do réxime dictatorial do Xeneral Franco, non dubidan en desfigurar a guerrilla, tratando aos guerrilleiros de bandoleiros e atracadores co claro obxectivo de desfacer a afinidade que tiñan coa meirande parte das xentes neste país.

Rematada a guerra civil, a resistencia antifranquista claramente dirixida a restaurar a República, convertese en moitos casos nunha loita armada organizada e noutros, como a única posibilidade de supervivencia para moitos homes e mulleres.

Unha das maiores ironías coas que conta a guerrilla é o abandono por parte das forzas aliadas á resistencia armada republicana. Sorprendentemente, este desamparo foi feito polos países que contaron con tropas españolas nos seus exércitos. Por exem-

12 SANCHEZ MALLO, D. Arquivo familiar.



CENTRO CULTURAL “FERNANDO DE CASAS E NOVOA” SIGÜEIRO - OROSO



plo: o 25 de agosto de 1945 os primeiros tanques que entran en París, derrotando aos alemáns, os seus tripulantes son españois. Do mesmo xeito cando o Xeneral de Gaulle entra en París os guerrilleiros españois pertencen á Unidade das Forzas Francesas do Interior. Pois ben, as organizacións políticas antifranquistas en Galicia non contan coa axuda internacional dos gobernos dos aliados.

MILITANCIA POLÍTICA DOS FUXIDOS E GUERRILLEIROS

Unha das principais características que diferencian a resistencia antifranquista na comarca co resto de Galicia é a que a maioría dos fuxidos están afiliados a partidos políticos, sindicatos agrarios, sindicatos de traballadores, sociedades de emigrantes; ou ben, pola participación destes –os fuxidos– nos acontecementos en días anteriores e posteriores ao 18 de xullo de 1936.

REORGANIZACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS

A reorganización política na comarca do Deza coincide co fundamento de establecer dende os cárceres a reorganización da oposición política antifranquista.

No mes de maio de 1939, instalados en Cuba altos dirixentes do Partido Comunista Español, como Vicente Uribe e Pedro Checa, montáronse dous centros do aparato do Partido Comunista no continente americano dependendo de Cuba. Un centro controlado por Earl Browder, en Estados Unidos, e outro en Arxentina, onde existían contactos cos grupos mariñeiros da mariña mercante e de pasaxeiros que trasladaban por convicción política ou por diñeiro, material de propaganda e de correspondencia para as estruturas clandestinas do PCE, infiltrando a bordo militantes, co obxectivo de penetrar en Portugal e logo pasar a España.

Víctor García García, alias, O Brasileño, xunto con Teixeira foron os dous enviados desde Francia pola Internacional Comunista en Cuba para reorganizar o partido, primeiro en Portugal e deseguido crear enlace con España.

Víctor García García, coñecido como “O Brasileño”, por ter sido emigrante en Brasil, regresara a España durante a Guerra Civil. Combateu na fronte, como comisario político, nun batallón das Brigadas Internacionais. A dirección do PC, consideraba a Víctor García de xeito positivo. Enviado pola IC para Portugal, actuaba esencialmente na zona norte do país veciño. Estaba formalmente subordinado a Teixeira, outro delegado da IC en Lisboa. A actuación de Víctor García no Porto onde tentaba establecer un punto de apoio para o PCE na fronteira, foi fundamental para enlazar o centro da dirección do PCE en Cuba co interior da península.

Víctor García é o responsable de evacuar o deputado comunista de Bilbao, Leandro Carro, un dos fundadores do PCE, moi importante para IC. Este deputado, o inicio da guerra civil apañoouno nunha viaxe entre Bilbao e A Coruña, tendo que se esconder no norte de Portugal. Víctor García co apoio dos comunistas de Ourense e do norte de Portugal, conseguen descubri-lo en Pedras Salgadas, e permitir-lle a fuga para América en 1939.

En novembro de 1940, o punto de apoio portugués do PCP centrado en Lisboa, sobre a dirección de Teixeira, tiña montada unha tipografía clandestina do Mundo Obrero na Amora, Portugal, e había dous contactos con España, un no norte garantido por Víctor García o “Brasileño” e outro no sur por Silverio Morán.

A prisión de Teixeira por parte da Policía de Vixiancia do Estado portugués, vai facer que o Brasileño fuxa e circule entre España e Portugal, apoiado nos grupos de guerrilleiros que actuaban na fronteira.

A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NO DEZA

Iª Etapa. 1939 – 1943

Os Fuxidos establecéronse no monte, contando co apoio dos labregos e labregas. Sobreviven nas mais duras condicións. Na miserable situación de fusilados, depurados, represaliados, deportados, mulleres co pelo ao cero, malleiras, torturas etc, comeza unha etapa histórica na comarca. As Guerrillas.

Esta primeira etapa na comarca do Deza caracterízase pola desorganización da resistencia antifranquista.

Temos novas de algúns grupos armados. Xorden ao ver como as súas vidas corren perigo, por inclinarse politicamente a favor da IIª República durante os anos da guerra civil.

Un dos grupos, estaba formado por Benjamín García Diéguez, alias “O Largo” natural de Barbeitos - Rodeiro xunto con Ramón Sánchez “O Areán”, tamén do concello de Rodeiro. Estes labregos acantonados na Serra do Faro, concentran a súa operatividade no triángulo formado polas poboacións de Vigo - Tui - A Cañiza. Son os autores da morte de Santiago Fernández e Andrés Negro Negro na parroquia de Alperiz, no concello de Rodeiro. Benjamín García Diéguez, foi capturado, ferido, no decurso dun enfrontamento que sostivo o seu grupo con forzas da Garda Civil en Pedroso, Rodeiro, o día 5 de novembro de 1939 no que tamén caía o cabo José Gar-

só os fillos dos mineiros, senón o resto dos pequenos da parroquia; e mesmo unha nova igrexa construída no poboado, a uns cincocentos metros da parroquia.

Ramón Valenzuela Otero³

Nace o 3 de outubro de 1914 na Casa da Viña, parroquia de Manduas no Concello de Silleda. De moi novo estuda en Compostela, logo pasaría por Pontevedra, onde acredita xa o seu talento artístico e compromiso social. Nos anos da República é estreito colaborador do Seminario de Estudos Galegos, e do Partido Galeguista, do que a partir de 1935 é o seu máximo dirixente na comarca do Deza. No verán de 1936 é levado preso, obrigándoo a formar parte do exercito sublevado, mais o 8 de decembro de 1937 fúgase para enrolarse no bando leal.

Acabada a guerra, intérnase no campo de concentración de Argelès en Francia. Recupera a liberdade e colabora co exército galo como oficial do Exército Republicano Español. Tamén en Francia coñece á que será a súa inseparable parella, Mariví Villaverde. Permanecerá co comezo da IIª Guerra Mundial na loita republicana contra o fascismo actuando para o Servizo de Información Periférica. É detido e conducido á prisión en Donostia, ao cárcere de Ávila, e condenado a vinte anos e un día.

Sae da cadea en 1944 baixo o réxime de liberdade atenuada e inhabilitado como docente. En 1949 concédeselle o indulto e exíliase en Bos Aires xunto coa súa familia. Alí é secretario de Castela, divulga as letras, a dramaturxia e a cultura galega. Escribire a súa primeira novela, Non agardei por ninguén e a peza teatral As bágoas do demo.

En 1966 volta a exiliarse, esta vez en Madrid. Traballa como profesor e difusor da historia e a xeografía galegas, colabora coa universidade, escolma os relatos de O Naranxo...

No ano 1975 pronuncia na Uinversidade de Compostela, a polémica e persoal conferencia Historia do Galeguismo Político. Coa chamada transición, 1978, rehabilítano como mestre de EXB en Madrid. É candidato do Partido Comunista de Galicia nas primeiras eleccións ás Cortes do Estado,. En 1980 rematará a súa segunda novela, Era tempo de apandar, morrendo o 27 de outubro. Está soterrado no cemiterio de Adina en Portonovo (Sanxenxo).

"Xa descansado encamiñei ao coto solitario de San Queitán. No cume de San Queitán había unha hermiña pequeniña que de lonxe non se vía, porque estaba rodeada de vellos carballos e altos castiñeiros que nunca se escotaran. Había dous mil anos que fora castro celta e tiña un só camiño de acceso. Soamente o día do santo dicía alí misa o Crego de Abades."

.....

"Espertamos cando xa ía alta a mañá. Ouviase o esvarar barulento do río da Deza que daba a impresión de que o silencio fora mayor. Un silencio activo. O punto de partida do silencio. O tempo nunca estivera mais calado na carballeira de San Queitán. Os carros que asubiaban cos eixos polas congostras de Bazar, semellaban almas herexes camiño dun purgatorio aldeán. Os autos que de vez en cando subían a empinada costa de Sulago eran escándalo adulterino e remachón daquela paz milenaria.

¿Qué eramos nosoutros, oito guerrilleiros, armados de pistolas e incluso dous fusís Mauser?

Eu quería que fosemos unha reencarnación de guerrilleiros celtas enriza daquel castro que os nosos antepasados abandonaran hai dous mil anos, e saberíame ben o comenzo a danzar, coma eles, unha danza circular en salutación ao novo astro que xurdía polo teito de Carrío.

Andaran os tempos que transformaran as espadas en armas de fogo, pero no noso peito bulía o mesmo espírito de defensores da Terra que nos rodeaba e do curuto que tiñamos por Castelo.

Mais na capeliña antita estaba San Quietan no seu niño de Carrizo que nos sorría con cara coloradita e redondos ollos picareiros. El e mais a capela estaban alí dende había tres sécalos, ou quizás catro, e xa tiñan tomado posesión. Nosoutros

eramos os intrusos perturbadores, e tan escandalosos como os motores que rascaban por enriza da costa de Sulago na paz cóncava do val de Merza".⁴

³ <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/FOLLETO%20SINOR%20AFRANIO.pdf>

⁴ Ramón de Valenzuela – Non agardei por ninguén

Concretamente na bisbarra de Deza, a baixa en Abril de 1948 de Miguel "O Corcheiro", provoca que Eugenio Rueda fuxa cara A Coruña; zona por onde é capturado en Agosto do mesmo ano, sendo torturado ao igual que o resto da cúpula da guerrilla, Gayoso, Seoane.

Días antes de ser executado, e ao parecer faltándolle un ollo, vai declarar a Lalín. Foi executado ás sete da mañá do día 16 de Agosto de 1948 na parroquia de Home en Puente deume.

Guerrilleiro e personaxe de novela

A medida que vamos descubrindo máis datos sobre Eugenio Rueda, membro da guerrilla na bisbarra de Deza, iámonos decatando de que foi a persoa viva que inspirou, independentemente da subxectividade e ficción da novela, o "Roldán", co-protagonista da novela "Era tempo de apandar", de D. Ramón de Valenzuela Otero.

Como queira que sexa, e no mundo tan especial de Valenzuela, o certo é que a mencionada novela reflicte a situación social da posguerra en Galicia, a armazón dos "estraperlos" nas minas de Brea e o nacemento da partida dos guerrilleiros na bisbarra de Deza, aderezada cunha historia de amor entre o "Roldán" e a filla do carpinteiro, Lola.

Poblado Minero de Fontao²

Este camiño deixou o seu recordo na Vrea (vereda), un topónimo que a mediados do século XX converteuse nunha especie de Eldorado para os buscadores de wólfam. Parece que xa os romanos explotaron no seu día o estaño que gardan as ribeiras deste tramo do río Deza, e en tempos máis próximos (século XVIII) fixéronse aquí algunhas prospeccións mineiras. A comezos do século XX, gozaba a concesión minera unha compañía inglesa, que exportaba o mineral polo porto de Carril. Pero é a partir de 1940, en plena Segunda Guerra Mundial, cando a demanda de wólfam para a fabricación de artillería pesada converte as terras de Fontao nun formigueiro de buscadores do entón preciado metal.

A explotación mantense ata 1932, ano en que cesa a produción como consecuencia da grave crise internacional desatada no outono de 1929 -a Gran Depresión. En 1934 restablecerase a explotación de estaño e volfranio que se manterá durante a Guerra Civil (1936-39) e iniciará unha forte expansión pola demanda internacional de volfranio para usos militares. En plena guerra mundial, os anos 1942 e 1943 ven subir os prezos do volfranio por enriba das cen pesetas por quilogramo (57,50 pesetas por libra), pero xa en 1944 vense reducidos á metade e iníciase unha nova caída das cotizacións que non se recuperaría ata unha década despois, coa guerra de Corea (1950-53). Tras este efémero florecemento, a entrada nos mercados europeos de minerais procedentes de Asia levou ao peche de Fontao en 1963.

Nos anos de maior demanda de volfranio (1940-44) as minas de Fontao empregaban da orde de tres mil traballadores, duplicándose o volume das zafras extraídas das minas (de 25.000 toneladas en 1938 a 53.000 toneladas en 1942) con producións en 1942 dunhas 76,75 toneladas de estaño e 129,26 toneladas de volfranio.

A forte expansión da demanda de volfranio orixinada pola Segunda Guerra Mundial multiplicou os problemas de man de obra que xa se viñan arrastrando, cunha carencia crónica de traballadores habituados aos ritmos e técnicas do traballo na mina. A posibilidade de contar con presos políticos da guerra civil que se acollían ao programa franquista de redención de penas polo traballo supuxo para as minas de Fontao, ademais dun notable aforro en salarios, beneficiarse dos coñecementos e habilidades de traballadores procedentes de áreas xeográficas con grande experiencia en minaría, como era o caso dos presos chegados de Asturias.

A explotación mineira de Santiago de Fontao -tamén designada como Minas dá Brea- configurou nas décadas de 1940 e 1950 un dinámico micromundo industrial incrustado no sosegado mundo rural destas terras do Deza: a casa da dirección; as vivendas do enxeñeiro e dos facultativos de minas; o necesario complemento de barracóns e vivendas para os mineiros que chegaron a configurar un poboado; o seu mercado diario organizado en "a praza" por vendedores ambulantes; as súas preto dunha decena de pequenas tendas de comestibles e ultramarinos, xéneros téxtiles e ferraxaría; as súas panadarías, a froitaría e a carnicaría; as tabernas e salas de baile; a tómbola de alegres señoritas que, iso si, "todas viñan de fóra e non residían permanentemente na aldea"; os dous rudimentarios cinematógrafos, aos que se uniría máis tarde a sala de cine do poboado, con trescentas cincuenta butacas e de libre acceso para a veciñanza os sábados e domingos; o campo de fútbol no centro do poboado no que o equipo local, "Minas Club de Fútbol", chegou a enfrontarse a equipos de primeira división nos festexos dedicados a Santa Bárbara, patroa dos mineiros; a caixa de primeiros auxilios sanitaria que incluía unha sala con catro camas e a vivenda do practicante; o grupo escolar do poboado, "con escola para nenos e nenas", que escolarizou non

cía Docampo, pero algúns compañeiros seus, como Ramón Sánchez, que morreu dous anos despois cando a Garda civil localizou o seu tobo nas inmediacións de Pedroso e Salvador Moure (a) O Carolo, de Arcos de Chantada, non foron baixa ata varios anos mais tarde.

O 22 de xuño de 1941 foi detido o fuxido Celso Failde Varela do concello de Rodeiro e cinco días máis tarde foi descuberto o tamén fuxido Ramón Failde Areán de Rodeiro, que despois de ser ferido nun enfrontamento con forzas da garda civil introduciuse na provincia de Ourense coa intención de cruzar a fronteira a Portugal onde foi detido polas autoridades fronteirizas e logo fusilado.

En xaneiro de 1942 caeron os fuxidos Manuel Martínez Blanco, Eduardo Pereira Randulfe e Adolfo Rodríguez nas inmediacións do Pozo Negro, na zona de Lalín.

Paralelamente, nos comezos de 1942 constituíuse a Federación de Guerrillas de León e Galicia. Fundouse en Ferradillo próxima a Ponferrada. Dos 24 fundadores da Federación 5 eran socialistas, 4 cenetistas, 6 uxetistas e 5 sen militancia. Despois de varios congresos todo indica o bo camiño da Federación; a madurez política dalgún xeito dominada polos socialistas e cenetistas.

IIª Etapa

Segunda etapa (1943 - 1946).

En 1943 existían nas minas de volfranio de Fontao-Carbia, uns 250 reclusos traballando. Coincidindo coa teoría do profesor H. Heine de que: a reorganización da loita antifranquista, nun principio concéntrase dende os cárceres, en xuño-xullo de 1943 o Partido Comunista estaba organizado nas minas de Fontao mais os concellos de Silleda, As Cruces, Lalín e A Estrada.

Esta etapa está caracterizada pola reorganización do Partido Comunista en Galicia. Convén, antes de introducirmos no miolo desta segunda etapa da guerrilla no Deza, anunciar algúns datos biográficos dos que consideramos os protagonistas da mesma. Así pois, incluamos algúns datos de Eugenio Rueda Perosanz, e o bandeirense Miguel Nicolás Esperante.

Algúns datos biográficos de Miguel O Corcheiro

Miguel Nicolás Esperante, mais coñecido polo nome herdado da súa profesión de corcheiro: "Miguel dos Corcheiros". Foi sen dúbida o dirixente da guerrilla na

² <http://www.museodamineria.es/museo/index.html>

comarca do Deza de máis sona. Un dos dirixentes guerrilleiros mais destacados da provincia de Pontevedra.

Miguel naceu no ano 1915 en Taragoña, concello de Rianxo, fillo de D. Alfonso Nicolás de Bandeira e D^a. Dolores Esperante de Taragoña, viñeron á Bandeira para facerse cargo da fabrica de cortiza que rexentaban os seus antepasados na parroquia de Chapa; por tratarse dun punto estratéxico para confeccionar as cortizas, pois contaban na comarca, con abundantes sobreiras; materia prima para levar adiante esta industria.

Miguel traballaba na fábrica de cortizas. En tempos da República, era o encargado de repartir pola Bandeira o xornal "Mundo Obrero" (órgano do Partido Comunista). O 1 de xaneiro de 1935, ingresa no Partido Comunista pertencendo á radio 14, célula 4. Naquel entón, empezaba a espertar o entusiasmo político que máis tarde o convertería, nun soado Guerrilleiro nas comarcas do Deza-Trasdeza e Tabeirós.

Co estalido da Guerra Civil, Miguel é detido o 21 de xullo de 1936, xunto con algúns membros da Frente Popular na Bandeira, acusado de participar na requisa de armas para defender a capital pontevedresa. Lévano a Silleda onde permaneceu cinco meses. Estando preso nos baixos do edificio do Concello de Silleda sacan ao presidente da Sociedad Obrera de Ponte (Ramón Muños Lorenzo) do cárcere para pasealo, é dicir, para asasinalo. Prodúcese unha angustiada situación, da que Miguel sendo moi novo, non atinxe a esquecer.

Preso no Lazareto (Illa de san Simón), xunto cos demais compañeiros de Silleda, máis tarde é destinado ao Batallón de Tabajadores de León, axiña ao de Ourense e por último a Miranda del Ebro por atoparse e por ser da quinta do 36, polo exército de Terra. Toda esta situación prodúcese sen haber ningún tipo de farsa xudicial, circunstancia propiciada fundamentalmente pola negativa por parte do médico Muras da Bandeira, de declarar en contra do mellor amigo do seu irmán.

O oito de marzo de 1940 o pai, D. Alfonso Nicolás López realiza unha instancia (por certo, co selo da república española), solicitando a posta en liberdade do seu fillo Miguel por descoñecer de que se lle acusa e de se algo puidese aplicarlle algunha sanción, cre que ben ten saldada a pena polo deber mencionado no Batallón de Traballadores 3^a Compañía, en Aranjuez.

Xa na Bandeira, entre os fascistas e os gardas civís, facíanlle a vida imposible. Aproveitaban aqueles concorridos paseos nos días de Feira para abusar del. A garda civil entraba no baile que se celebraba na casa de Francisco Pichel, secretario do concello de Silleda que vivía na Bandeira e propinábanlle enormes malleiras, constituíndo así unha forma máis de represión. Así, día tras día. Non lle deron opción de facer unha vida normal.

Alberto Maceira¹

Eugenio Rueda Perosanz, o "Roldán" de Ramón de Valenzuela –

Un preso das minas de Brea, convertido en comisario político da Va agrupación de guerrilleiros de Galicia.

Eugenio Rueda Perosanz naceu o 25 de Novembro de 1915 en Oviedo, no seo dunha familia de traballadores ferroviarios. Fillo de D. Juan Rueda e Da. María Perosanz, foi mecánico industrial de profesión e exerceu a profesión na fábrica de fundición "La amistad" na cidade de Oviedo.

A designación, en 1934, do novo Goberno español coa inclusión de tres membros de CEDA, e baixo a dirección do Sr. Lerroux, provocou a resposta inmediata dos sindicatos UGT e CNT declarando a folga xeral, por entender, dado o carácter antirrepublicano e pro-fascista dos membros de CEDA que a súa inclusión no Goberno era unha provocación.

Con tan só 19 anos, Eugenio Rueda participa activamente na Revolución de Outubro de 1934 en Asturias.

Tras o estalido da Guerra Civil, Eugenio Rueda, xunto con outros camaradas forman un grupo de resistencia armada e actúan polo monte Naranco. Máis tarde, e en unión con outros grupos, forman o batallón "Sangre de Octubre" no barrio do Cristo, nas proximidades de Oviedo. Durante o mes de Setembro de 1936 participará en varios ataques á capital asturiana, en poder do exército sublevado. Un mes máis tarde será nomeado tenente do Batallón Ferroviario na posición de Tenallán, Asturias.

No mes de Abril de 1937 é destinado ao Batallón 265 do Exército Republicano con rango de tenente, participando na fronte de Biscaia e na fronte e retirada de Santander. No Oriente de Asturias, permanece na posición de Viedos, onde o 6 de Outubro, no intento de evacuar a Francia, foi apresado no barco "Cusca", en augas do Cantábrico.

Desembarcan Eugenio Rueda e trasládano a Camposantos, Tui, para ser xulgado polo delito de rebelión militar. É sentenciado, xunto a dez compañeiros asturianos, á pena de morte. Cando todo indicaba que ía ter lugar un desenlace fatal, o 23 de Xuño de 1938 recíbese en Camposantos e dende o Cuartel Xeral do Xeneralísimo en A Coruña, a orde pola que se lle conmuta a pena a Eugenio Rueda Perosanz á de grao inferior. Parece ser que a tenacidade da súa avoa, suplicando ante as portas dos despachos dalgúns militares, serviu para salvar a vida do seu neto.

Preso no Acuartelamento de Camposantos, apareceu, o 18 de Agosto de 1938 e publicado no Diario Oficial do Ministerio de Defensa Nacional en Barcelona, o nomeamento de Eugenio Rueda Perosanz como tenente de Infantaría procedente de Milicias e coa indicación de desaparecido en campaña.

Ao finalizar a Guerra Civil, Eugenio Rueda é trasladado ao Penal de Celanova, dende onde con posterioridade á súa revisión de condena é conducido ao departamento de minas de Fontao, para traballar na Sociedade de Estaños de Silleda, en redención de pena.

Durante este período vai coñecer a que pouco tempo despois sería a súa muller, Da Laura Nicolás Esperante, irmá de Miguel "O Corcheiro" de Bandeira.

O 20 de Decembro de 1943 pasa da situación de prisión atenuada, á de liberdade condicional, tendo que incorporarse ao Exército por pertencer á quinta de 1937; condición que rexeita porque en Oviedo son coñecedores da súa condena a morte e alí perigaba a súa vida. Moitos homes en circunstancias similares foron "axustizados" no Exército.

Como resultado da similitude de circunstancias e coincidencia ideolóxica co seu cuñado Miguel Nicolás, "O Corcheiro" de Bandeira, ambos os dous deciden formar a partida de guerrilleiros "Os Corcheiros", que en principio actuaría baixo a disciplina da IV Agrupación de Guerrilleiros de Galicia.

A experimentada formación castrens de Eugenio Rueda vai ser fundamental nas actividades da agrupación de guerrilleiros, participando case sempre en calidade de comisario político da partida.

En 1948, o abandono e desentendemento, por parte do Partido Comunista de España (no exilio en Francia) do movemento guerrilleiro, supón un dos golpes máis fortes contra a guerrilla en Galicia.

¹ <http://www.lagavillaverde.org/desaparecidos/eugenio%20rueda%20perosanz/Eugenio%20Rueda%20Perosanz.htm>

Transcripción de los Documentos sobre Víctor García García “El Brasileño”(Mi abuelo) que se conservan en el Archivo Histórico del PCE de Madrid

Documento 1: Carta de dos páginas y media sobre diversos asuntos. Está estructurada en varios párrafos sobre diversos temas. La firma “G.”El párrafo que trata sobre mi abuelo dice así:

“Brasileño: Por fin lo cazamos. Este canalla se nos escurría como una sanguijuela. Logramos localizarle en la comarca de Lalín. Desde allí- donde decía “estaba huido de la poli y de los “embajadores” del buró que querían cargárselo”- movía los hilos de ciertos grupos aventureros y desclasados .Ligó con él indirectamente Foucellas. Aunque éste había oído algo de ese canalla no sabía exactamente qué clase de tipo era. Pero le bastó hablar una vez con él para calarlo. El Brasil trataba de ganar a Fouce, creyendo que éste no tenía relación con el P. Fouce se dejó querer intencionadamente para sonsacarle y naturalmente el otro se destapó. Su odio contra el buró salió a flote rápidamente. Decía “ahora se hacen muchas cosas, porque el Buró de Francia envía millones, pero en cambio a mí me tuvieron tirado sin darme una peseta para el trabajo. Desde fuera se ven las cosas de distinta forma y se cree que los que damos la cara aquí podemos hacerlo todo con sólo consejos”. Además aconsejaba a Fouce que no tomara contacto con el P. porque “esos señoritos que manda el buró sólo se interesan por los guerrilleros para sacarles dinero y que den la cara por ellos”. En concreto, un provocador que nos dio muchos disgustos y que, aunque tarde, hemos eliminado”.

Documento 2: Informe sobre Camaradas

“GARCÍA-VÍCTOR (Brasileño)- Provocador que ha pertenecido al Comité de Galicia en 1944-1945.

Este era responsable de Organización del Comité de Galicia del Partido. Yo le conocía a través de las impresiones personales de JORGE. De este García había una buena opinión y de su trabajo en la Organización del Partido en Galicia.

Cuando TINO POSADA fue detenido, este García a pesar de que había asegurado a RIVAS y CARIDAD que habían sido tomadas todas las medidas para impedir que la detención de TINO tuviera repercusiones en el Partido no las tomó al grado que se produjeron doscientas cincuenta detenciones de militantes del Partido, es decir, casi la mitad de los efectivos del P. en Galicia.

Se decidió su separación del trabajo del Partido y se le mandó al monte. Posteriormente éste individuo ha hecho llegar a la Delegación una carta en la que pide enlace y ayuda política y material para reconstruir el trabajo del Partido. En ella dice que ha conseguido reorganizar el trabajo del P. en Orense y Pontevedra y promete formar los otros dos comités provinciales. Al mismo tiempo informa de algunas luchas.

Explica su vuelta a Vigo diciendo que su conciencia revolucionaria no le permitía estar en el monte cuando veía que los militantes estaban desperdigados y no se veía por ninguna parte al Comité de Galicia.

Este individuo hizo una carta que logró hacerle llegar a los enlaces de la frontera en la que pedía contactar con la Dirección (Delegación?). Junto a esta carta había dos escritas a máquina y firmadas por un falso C.C. del P. portugués en las que también nos pedían contacto. No hay ninguna duda que como opinan los camaradas portugueses dichas cartas eran de la policía y que se ofrecían como cebo para llegar hasta nuestro partido y también (ilegible en la foto) sobre los portugueses.

Nuestra impresión es que este tipo está al servicio de la policía.

(Del informe de Julio de Diciembre de 1945)

Nota de (Ilegible en la foto): Fue dirigente del sindicato de la construcción de Oviedo. Dirigió una huelga en Octubre. Durante la guerra fue Comisario de nuestro ejército. A la caída de Asturias fue a Barcelona y estuvo en el (Ilegible en la foto) de los Pirineos. Posteriormente fue a Portugal y de ahí paso a Galicia. (Diciembre de 1945)”

Dña Victoria Ramos Bello directora del Archivo histórico del P.C., me informó que han existido muchos más documentos sobre la actividad del “Brasileño” en el P.C.E. que fueron destruidos junto con el de otros militantes para que no cayesen en manos del enemigo. Me sorprendió el hecho, pero no me siento capacitado para confirmar su versión.

Máis quen perdeu a esperanza tamén perdeu o medo, e Miguel, desesperado, pronunciou aquela famosa frase: A min non me mallan máis. Comezou a andar e botouse ao monte entre o desconcerto e a furia polos roleiros que o introducían no que pouco a pouco formaría o seu lar: “O Monte”.

Algúns datos biográficos de Eugenio Rueda Perosanz

De acordo cos datos da causa número 5678/38 da auditoría de guerra da Oitava Rexión Militar; Eugenio Rueda Perosanz, naceu o vintecinco de novembro de 1915 en Oviedo, no seo dunha familia traballadora dos camiños do ferro. Fillo do Ferroviario D. Juan Rueda e de Dª María Perosanz. Mecánico Industrial de profesión, exerce a súa actividade na Fábrica de Fundación “La Amistad” de Oviedo.

Co estalido da Guerra Civil, Eugenio Rueda xunto con outros camaradas, logran formar un grupo de resistencia armada actuando no monte do “Naranco”. Máis tarde, en unión de outros grupos, compoñen o Batallón Sangre de Octubre, no barrio do Cristo preto de Oviedo. Durante o mes de setembro de 1936, participa en varios ataques á capital asturiana en mans do exercito sublevado. Un mes despois, é nomeado Tenente do Batallón Ferroviario na posición de Tenaullán, Asturias.

En abril, deste mesmo ano, é destinado ao Batallón 265 do Exército Republicano co emprego de Tenente, participando no fronte de Biscaia mais no fronte en retirada de Santander. Na parte oriental de Asturias permanece na posición de Viedos onde o 6 de outubro, no intento de fuxir a Francia foi apresado no Vapor Cusca, en augas do Cantábrico.

Desembarcan a Rueda e trasládano a Camposancos, Tui, para ser xulgado polo delito de Rebelión Militar. Sentenciado a Pena de Morte, xunto con dez compañeiros asturianos. Cando todo parecía ter un desenlace fatal, o 23 de xuño de 1938, reciben en Camposancos notificación, do “Cuartel General del Generalísimo” da Coruña ordenando conmutarlle a pena a Eugenio Rueda Perosanz a de inferior grado. Parece ser que, a tenacidade da súa avoa, e súplicas nas portas dos despachos dalgúns militares, serviu para salvar a vida do seu neto.

Preso no acuartelamento de Camposancos, sae publicado no Diario Oficial do Ministerio de Defensa Nacional o 18 de agosto de 1938 en Barcelona, o nomeamento de Eugenio Rueda como Tenente de Infantería procedente de Milicias coa indicación de desaparecido en campaña.

Finalizada a guerra, Rueda é trasladado ao Penal de Celanova. Revisada a liquidación de pena, é conducido ao Destacamento de Minas de Fontao, concretamente para traballar na Sociedad de Estaños de Silleda en redención de pena.

Durante este período ía coñecer a que deseguido sería a súa muller D^a Laura Nicolás Esperante irmá de Miguel “O Corcheiro” da Bandeira.

O 20 de decembro de 1943 pasa da situación de prisión atenuada a de liberdade condicional, tendo que incorporarse ao exército, por pertencer á quinta de 1937. Condición que rexeita, porque en Oviedo sabían que fora condenado a morte, e perigaba a súa vida. Moitos homes nestas mesmas circunstancias, xa foran axustizados no exército.

En 1943 existían nas minas de volframio de Fontao, uns 250 reclusos traballando. Coincidindo coa teoría do profesor H. Heine de que: a reorganización da loita antifranquista, nun principio concéntrase dende os cárceres, en xuño-xullo de 1943 o Partido Comunista estaba organizado nas minas de Fontao mailos concellos de Silleda, As Cruces, Lalín e A Estrada.

No mes de decembro dese mesmo ano, chegou ás minas de Fontao un militante procedente de Santiago, Isidro Díaz, quen, xunto doutro camarada chamado Tino (Ourense), empezou a reconstruír o Comité Rexional, que non quedaría definitivamente formado ata a aparición Víctor García, O Brasileño como secretario xeral, Tino, Isidro Díaz, Belarmino Alvarez e José Cerveró, en abril-maio de 1944.

Son dúas circunstancias ben diferenciadas, as que en 1943-4 orixinan a creación da agrupación de guerrilleiros coñecidos popularmente como Os Corcheiros. Por unha banda Miguel, recién posto en liberdade, ante as malleiras da garda civil e a represión sometida por parte dos membros da falanxe na Bandeira, decide fuxir, farto destes abusos e torturas. Por outra banda Eugenio Rueda Perosanz concluída pena imposta no Destacamento de Minas de Silleda en Fontao (Vila de Cruces) recibe orde de incorporarse ao exército en Oviedo por pertencer á quinta do 37. Eugenio Rueda rexeita esta condición sabedor de que no exército tamén se liquidaba aos republicanos. Se ben son dúas circunstancias ben diferenciadas o motivo e o mesmo: A Represión.

De xeito moi intelixente establécese o criterio ou estratexia de que unha cousa é o Partido e outra a organización guerrilleira, aínda que a dirección guerrilleira a leve a cabo o partido.

As primeiras actuacións consisten en tratar de obstaculizar o traslado do mineral de Wolfran cara aos portos Galegos de Vigo e A Coruña tan solicitados pola industria de guerra da Alemania Nazi. A falla de medios e armas impiden conseguir as primeiras intencións.

Prodúcese un período no que se suceden numerosos asaltos co fin de recadar o diñeiro para a propia subsistencia dos guerrilleiros. A presión que se exerce por parte das forzas franquistas aos familiares e amigos, administradores dos víveres aos gue-

En marzo de 1.941 Teixeira fue detenido en Lisboa. Con su caída fue desmontada la delegación de Lisboa, quedando intacta la de Víctor García el “Brasileño”. Fue uno de los mayores desastres sufridos por el P.C.E. en la clandestinidad. Así que solo quedaba en Portugal el punto de apoyo dirigido por el “Brasileño” que consiguió escapar a la caída de Teixeira y de los miembros de la dirección de Lisboa.

Al principio de 1.942, la dirección del P.C.E en Cuba era totalmente dependiente de Víctor García para sus relaciones con España. Por esa fecha un grupo de comunistas portugueses comandados por A. Cunhal intentaron sin éxito usurparle su autoridad que defendió basándose en que carecían de ligazón con el Centro Comunista Mundial. Se establece unas conversaciones buscando el entendimiento entre A. Cunhal Pires Jorge y Manuel Domíngues por la parte portuguesa y Víctor García y Carrillo por la española. Se llegó a un entente momentáneo.

Para huir de la persecución desencadenada por las fuerzas represivas portuguesas contra los españoles antifranquistas clandestinos en Portugal, el “Brasileño” concentro todas las actividades subversivas en la zona fronteriza luso-galaica colaborando con Simón Fdz. que ya tenía un grupo de guerrilleros organizados en la provincia de Orense, entrando a la par en contacto con Quiñones en la dirección del P.C en Madrid. Al inicio de 1.942 la organización madrileña fue desmantelada sufriendo un gran riesgo de caída la organización luso-gallega. En esas fechas Víctor García junto con sus contactos en Orense y los guerrilleros organiza en connivencia con los servicios secretos ingleses y americanos una línea de fuga para los aliados a través de España en dirección a Portugal. Este acuerdo permitió la evasión semanal de dos ó tres personas. Finalizó con la invasión de Normandía.

A finales de 1.943 el “Brasileño huye de una tentativa de detención en Melgaço y en el enfrentamiento armado muere un policía. Se traslada a Vigo donde constituyo con Tino y Ribas una dirección regional en Galicia del P.C.E convirtiéndose en el “cerebro del partido en Galicia”. Por otra parte A. Cunhal y después Pires Jorge en 1.942 – 43 comienzan a cortar de una manera progresiva los contactos con V. García a pesar de reconocer que su organización actuaba con eficacia, y era fiable. Esta decisión impidió el tránsito de los comunistas españoles que estaban retenidos en Portugal y el “Brasileño” sospecha y se vuelve cauto con aquellos camaradas a los que permite el paso a España “la vía portuguesa”. En circunstancias poco esclarecidas es detenido. Se desconoce hasta qué punto la policía lo identifica y conocía sus actividades y responsabilidades en el P.C.E y P.C.G. Huye de la prisión y se reincorpora a sus actividades clandestinas en Galicia.

Texto extraído de la bibliografía de Álvaro Cunhal. Autor: José Pacheco Pereira

** En el año 1943 crea en Fontao (Pontevedra) el primer comité del P.C gallego en la clandestinidad siendo el "Brasileño" elegido Secretario General.*

** El "Brasileño" fue colaborador de Jesús Monzón en la planificación y estrategia de la invasión guerrillera del Valle de Arán (Lérida) en el año 1944 participando activamente en la confrontación. (Archivos del P.C.)*

VICTOR GARCÍA GARCÍA "El Brasileño"

Era miembro del comité central del P.C. de Asturias

Como lo atestigua el siguiente informe:

"Los días dos y tres de Octubre de 1.937 el P.C. celebró en el cine Roxi de Gijón un pleno de su Comité Provincial, con un único punto en su orden del día: analizar la situación creada en Asturias por la ofensiva franquista y organizar la resistencia. Presidencia de Honor: Stalin, Dimitrof, José Díaz, Pasionaria y los héroes del Mazuco.

La presidencia efectiva recayó entre otros en **Víctor García G. "El Brasileño"** comisario de brigada.

Era el lema del pleno la frase "La única salida es no dejarles entrar" Las incidencias del pleno quedaron reseñadas en el periódico del partido "el Boletín del Norte" de los días 3, 5, 6 y 13 de Octubre de 1.937.

La colección completa se halla en la Hemeroteca Municipal de Madrid.

Texto extraído de Historia de Asturias, volumen 10, pag. 463.

*Pertenece a la Internacional Comunista

Después de distinguirse en el cerco de Oviedo y en las batallas del País Vasco, Santander y en las del "Corredor Central" de Asturias con la derrota del Ejército Republicano del Norte en Octubre del 37, se reincorporó a la lucha en Barcelona en la defensa de Cataluña. Al apoderarse de todo el territorio catalán el ejército sublevado, pasó a Francia colaborando en la organización del P.C.E. y en la ayuda a los milicianos vencidos. Transcurrido un tiempo por mandato de la Internacional Comunista regreso a la Península Ibérica con la misión de crear y organizar la resistencia clandestina contra las dictaduras en el norte de Portugal y Galicia.

Actividad política en Portugal. Creación y organización de la guerrilla gallega.

Una vez instalado clandestinamente en Portugal de acuerdo con el mandato de la Internacional Comunista I.C.) Víctor García adopto los "alias" de "Antonio Brasileño" "Estanillo" "Manuel Brasileño" y "Antonio Ortiz Riso". Su cometido fue compartido por otro enviado de la I.C: Teixeira. "El Brasileño" que pasaba por portugués actuaba en la zona norte del país Luso, teniendo su base logística en Oporto. Teixeira en Lisboa. Víctor García era considerado por la dirección del P.C.E. exiliado en Cuba como "un excelente camarada". Su objetivo consistía en conectar con Codovilla "Luis" y crear en Portugal una base de lucha antifranquista, sin implicarse en los problemas de este país (Para la biografía de Víctor García Estanillo "el Brasileño" ver Blagoeva a Dimitrov. Secreto en ruso Moscú). Logró establecer puntos de apoyo para el P.C.E. en la frontera Española que unían el Centro de Dirección del P.C.E. en Cuba con el interior de la península. Para lograr estos objetivos le servían de puntos estratégicos los pueblos fronterizos: Castro Lobeiro, Ribeiro de baixo y Ribeiro de Cima en Portugal. Azoreira (Castro Verde) y Lobeira en Orense (España). A su actuación organizativa se le debe la evacuación del Diputado comunista de Bilbao, Leandro Carro, que él inicio de la guerra civil le sorprendió en un viaje que estaba realizando entre Bilbao y la Coruña y tuvo que esconderse en Piedras Salgadas, en el norte de Portugal. Los comunistas de la región de Orense y los portugueses le facilitaron su huida a América. En noviembre de 1.940 el apoyo portugués del P.C.E. ya había logrado crear una estructura organizativa incipiente. Tenía montada una tipografía clandestina donde se editaron por lo menos dos números del "MUNDO OBRERO" en la localidad de Amora y había dos delegaciones con España, una en el norte dirigida por el "Brasileño" y la otra en el sur comandada por Silvio Moran.

rrilleiros, obliga a cambiar de táctica, *decidiendo cargar o peso económico sobre os mesmos responsables, aos que se desarmaba e obrigaba a entregar diñeiro para a nosa subsistencia.*

Nesta liña, son coñecidos o asalto ao coche de pasaxeiros que ía á Feira dos Carballiños en Vilatuxe, Lalín; a sabotaxe ao coche de liña na estrada do Monte da Rocha, Silleda. O reparto de propaganda clandestina en días sinalados, como os días de feira na comarca.

A esta etapa corresponde tamén a morte dun garda civil José Salgueiro Rey, natural de Carboeiro, Silleda, nun enfrontamento o 14 de xuño de 1944, no lugar de Ponte Retorta, Manduas, Silleda, paso obrigado do camiño mais curto entre a Bandeira e as Minas da Brea, Fontao. A Consecuencia disto foron detidos e máis tarde executados, Diego Valero González, e Luis Blanco López. O guerrilleiro Manuel Ponte, insinuábele de xeito irónico ao embaixador británico de visita en Galicia se: *entre los agasajos que le brindaron en su visita a Galicia figuró la asistencia al acto de ahorcar el día 3 de septiembre en Pontevedra a Luis Blanco y Diego Valero. Tal vez extasiado por las bellazas del paisaje gallego y embriagado por la cariñosa acogida que le brindaron los ejecutores de esos crímenes, no le haya dejado tiempo par detenerse ante hechos, para usted triviales.*

No mesmo mes de xuño de 1944, ante este duro golpe, Víctor García, traslada o Comité Rexional do Partido Comunista de Fontao para Vigo. Na comarca do Deza, prodúcese un período de asentamento da estrutura guerrilleira, consistente en afianzar os enlaces e contribuír a divulgar a propaganda antifranquista, que traía Miguel Nicolás Esperante dende Vigo.

Víctor García dá un gran impulso aos comités provinciais do PC en Lugo e Ourense.

Ese mesmo ano, aumentan os problemas e as tensións no intre en que Víctor García envía ao seu man dereita Chema Urquiola ao congreso da Federación de guerrillas nas proximidades das minas de Casayo coa pretensión de que a Federación se unise á Unión Nacional. Mais os guerrilleiros desconfían dos políticos comunistas rexeitando a proposta de Urquiola establecendo un enfrontamento discordante da Federación co recén creado Ejercito Guerrillero de Galicia controlado polo PC. As diferencias aumentan a medida que se celebran os congresos para reunificar os dos exércitos guerrilleiros. Foi no congreso de 1946 onde se racha definitivamente a reunificación.

En xaneiro de 1945 recibe un duro golpe a organización. Cae detido Chema Urquiola, o man dereita do Brasileño, mais grazas á enteireza de Urquiola fronte á

policía, logran salvarse moitos militantes. A dirección do PC en Madrid, decide cesar a Víctor García o Brasileño de secretario do Comité Rexional e recibe a orde de se unir aos guerrilleiros. Mais, O Brasileño, rexeita e manifesta á dirección en Madrid, que el considera mellor empregado a súa laboría na reorganización do partido ca no monte como guerrilleiro. Madrid reacciona expulsando do partido a Víctor García. Víctor non fai caso e segue contando da confianza da maioría dos comités provinciais. O Brasileño cae en desgraza.

IIIª Etapa 1946 - 1948

Na primavera de 1946 chegan a Galicia a nova dirección política formada por **Antonio Seoane Ramos, Antonio Sánchez Segovia y José Isasa Olaizola encabezando como novo secretario xeral do Comité Rexional a José Gómez Gayoso.** Unha das misións prioritarias que traen os novos dirixentes, á parte de estender o movemento guerrilleiro por toda Galicia, é a de desfacer o poder que ten Víctor García, O Brasileño, sobre os comités provinciais do Partido Comunista en Galicia. Polo tanto comeza a caza do Brasileño. Por medo a ser eliminado, O Brasileño, volve á comarca do Deza, onde axudado polo grupo volante de guerrilleiros *Os Corcheiros*, escóndeno nunha casoupa propiedade do enlace comunista Francisco Pichel da Bandeira. O Brasileño é bautizado co nome do Francés. **Eugenio Rueda Perosanz** fora reclamado pola nova cúpula do Comité Rexional de José Gayoso. Eugenio foi o encargado de traer a orde de terminar co Brasileño. O Brasileño foi asasinado na primavera de 1948 na parroquia de Moalde. Soterrado sen placa baixo a pequena fiestra da sancristía da igrexa da mesma parroquia onde apareceu o cadáver.

Ata o presente, a agrupación guerrilleira dos “Corcheiros” obra baixo a disciplina dos grupos volantes da IVª Agrupación de Guerrilleiros de Galicia.

En maio de 1948 son detidos pola garda civil os paisanos do concello da Estrada Manuel Rozados Marque, Manuel Agra Jorge e Antonio Carracedo Villar, como enlaces, encubridores e integrantes da Vª Agrupación de Guerrilleros de Galicia.

Manuel Rozados Marque: Natural e veciño Feitoso, Fraiz, concello de A Estrada, de labrego de profesión. Recoñece que na súa casa durmían e comían Julio Branganza alias o Miope, Benigno Andrade, Foucellas e Eugenio Rueda Perosanz, todos eles membros da Guerrilla.

Antonio Carracedo Villar. Natrual de Feitoso, Olives concello de A Estrada de profesión canteiro, que tamén recoñece ter na súa casa a Foucellas, Rueda, Ricardito, Constantino Mendez, Vicente Lopez, Miguel o Corcheiro todos eles membros da Guerrilla.

- Queremos que nos pases -berrou Henrique-, temos tamén unha besta.
- Non son horas de pasar o río. Hai que vir polo día.
- O río pola noite non come á xente. Ti pásanos que non vas perder nada.
- Agarden logo.

Quitou o cadeado e agarrou o adibal que servía para turrar da balsa e que tiña atada nunha árbore de cada banda. Chegou axiña. A besta que ía chea de medo repúxose pouco para embarcar.

- Fai fresquete -dixo o barqueiro.

— Enriba do río se non o hai ponse -contestoulle Henrique. Un intre de silencio. O barqueiro falou de novo:

- ¿E logo? ¿Como din por aí que vai a revolución?

Eu non quería contestar. Estaba decidido a que o fixese o meu acompañante, mais el calaba. De seguro que estaba matinando que diría. Ao fin dixo:

- As revolucións son como os pleitos, o que mellor sae, sae amolado.

- Os pleitos son bos para os avogados -contestou o barqueiro.

Chegamos ao desembarcadeiro e saquei a carteira para pagar; mais o barqueiro adiantouseme e poñendo a man aberta dixo firmemente:

- Non é nada.

- Queremos pagar o seu traballo, ten que cobrar o que sexa.

— Non é nada -continuou-, nin tan sequera me decatei que os pasei, paseinos durmindo, xa non me lembro que os pasei. Que teñan moita sorte; tanta como merecen.

Estaba todo dito por parte del e non era cousa de insistir; quedamos doídos de sermos coñecidos e ledos polo feito que interpretamos de solidariedade. Ao desembarcar comentei:

- Ata me coñecen as pedras, Henrique.

Souto non había nada de agresivo. Non facía máis que repetir un dito que, segundo os vellos, herdara de seu pai:

— Os cabalos de Maceu correrán e voarán, voarán e correrán.

Foi repetindo a frase, unha vez detrás doutra ata que o Naranxo o deixou deitado e durmindo na cama.

Souto invitara ao Naranxo a que quedase con el para sempre, mais o tolo negárase dicindo que dende un sitio tan apartado como era aquel non podía atender as súas casas, nin as súas labranzas nin os seus bancos. Ademais, alí, na beira do río, era moi baixo para poder ver os dous planetas que lle descubrira D. Ramón o de Lalín. Prometera, iso sí, facerlle visitas.

A Díaz e a min pareceunos ben ir pasar aquela noite á casa de Souto de Reboreda e Fiz, democraticamente, acompañounos de boa gana. Cadrou de estar aquel día o Naranxo. Souto mandounos pasar, e aínda que era de verán sentámonos todos arredor da lareira.

San Queitán: Bazar

Andaran os tempos que trasformaran as espadas en armas de fogo, pero no noso peito bulía o mesmo espírito de defensores da Terra que nos rodeaba e do curuto que tiñamos por Castelo.

Mais na capeliña antiga estaba San Queitán no seu niño de Carrizo que nos sorría con cara coloradiña e redondos ollos picareiros. El e mais a capela estaban alí dende había tres séculos, ou quizais catro, e xa tiñan tomado posesión. Nosoutros eramos os intrusos perturbadores, e tan escandalosos como os motores que rascaban por enriba da costa de Sulado na paz cóncava do val de Merza.

Díaz e Varela presenciaron todo dende o cume do Castrovite a dous Km. de distancia. Viron o incendio, ouviron os tiros e incluso sentiron o bruar das vacas na corte. En previsión de calquera continxencia, achegáronse a San Queitán seguindo o rodeo do río porque comprobaron que, en varios sitios, coñecían a existencia do noso cuartel e temían unha emboscada.

Aquela noite foi a derradeira que pasou a nosa cuadrilla xunta na capela de San Queitán. Foi unha noite anguriosa. Montamos a garda como de costume, pero os que quedaban dentro non podían durmir, e a cada intre as conversas ían recaer sobre o feito heroico de Xosé.

Bascuas

Tiñamos que atravesar o río da Deza e despois o da Ulla para logo chegar a Touro, onde eu coidaba estar máis a cuberto da xenreira dos fascistas. Conviña non ir polos dous lugares de poboación máis mesta² e, ao mesmo tempo tiñamos que levar un camiño, porque non era cousa, naquela deshora, de marchar polo medio do monte onde poderíamos chamar a atención de calquera rapaz das vacas. Eu era coñecido en toda a bisbarra. Vestía traxe de labrego a xeito de cada día.

Aínda non alborexaba, pero xa se comenzaba a destacar o luceiro e conviña pasar as barcas de Bascuas³, a poder ser, eon algo de noite. Henrique ía de a pe, eu de a cabalo, pero aínda así custábame seguir o seu andar. Algunha vez tiven que pór a besta ao trote. O camiño costarioso⁴ e repinicado, cheo de penedos e lameiros, facíase máis dificultoso para o animal do que para el.

Coa primeira luzada chegamos ás barcas. Aquilo estaba solitario e soamente se escoitaba o caer da auga pola tosta de máis adiante. A friaxe da néboa meteuse en min e medio me acobardou.

Henrique asubiu e chamou polo barqueiro que vivía na outra banda. O can do barqueiro respondeu con ladrar seguido e nugalán. Cousa de minutos apareceu o home cun candil na man.

— ¿Quen é?

Manuel Agra Jorge, labrego, veciño do Feitoso concello de A Estrada.

A garda civil na comarca contaba con numerosos postos nos concellos de Agolada, Rodeiro, Silleda, Lalín e Carbia ao mando do Comandante da Garda Civil, Xefe do Sector Interprovincial de Lalín D. Manuel Montero Galvache. Unha das estratexias máis acertadas por parte da Garda civil foron a creación das contrapartidas, dependendo dos servizos de Información do 39 Tercio de Lalín; son membros da garda civil que vestidos de paisano lograban conectar coa xente tratando de recadar información sobre os do monte. Este servizo de información apoiados de confidentes da garda civil logran capturar a Benito González do lugar de Bustelo da parroquia de Lebozán do concello de Lalín, que tentaba conseguir armas e estaba á espera da entrega no muíño pequeno de Bustelo, baixo o contrasinal de *Hurra!* e contestación *Ra!*.

En xullo de 1947 regresa á comarca do Deza Adolfo Fernández Asorey, (a) *Alemparte*, membro do Partido Radical Republicano durante a IIª República en Agolada. En 1941 estivera detido polo suposto delito de encubrir a fuxidos, saíndo en liberdade o 28 de novembro do mesmo ano. O Alemparte pertencía ao destacamento guerrilleiro “Paco Barreiro” de Vigo. Volverá ao lugar de orixe tras a caída de Xamote en Lavadores en xuño de 1947. Catorce días máis tarde O Alemparte morreu furado polas balas no Muíño Pequeno, do lugar de Merlín, Agolada, polas forzas da garda civil ao mando do Brigada Barahona. Entre as súas pertenzas destacamos un Regulamento de Juventud republicana Radical e un libro da Constitución da república española de 1931.

No remate de 1947 créase a Vª Agrupación de Guerrilleiros fundada por Seoane, xefe militar da Guerrilla en Galicia, integrando a Benigno Andrade “Foucellas” como xefe da agrupación guerrilleira que actúa no norte da provincia de Pontevedra¹³. Foucellas xa era coñecedor da zona norte da provincia de Pontevedra, empregaba a casa dos Corcheiros como lugar de parada. Pasaba dúas noites e logo desaparecía tamén pola noite¹⁴. Nos principios de 1948 Miguel o Corcheiro, recibe unha carta con carimbo do Exército Guerrillero de Galicia, IV Agrupación. Destacamento Santiago Álvarez., onde se invita a ter unha entrevista cos membros do destacamento, con saúdos guerrilleiros, el *Jefe Foucellas*.

As ordes pronunciadas por Antonio Seoane, Xefe militar da Guerrilla en Galicia, son ben claras. Trátase de dar golpes cada vez máis soados coa intención de chamar a atención e por conseguinte desviar a atención da represión a outros puntos de Galicia¹⁵.

13 HARMUT H. A guerrilla Antifranquista en Galicia. Xerais, 1980.

14 NICOLAS ESPERANTE, A.

15 HARMUT H. A guerrilla Antifranquista en Galicia. Xerais, 1980.

As accións máis destacadas na comarca por parte da Vª Agrupación son as multas impostas a membros da Falanxe, como o caso de Marcelino González González veciño de Palio - Lalín, ex-sarxento do exercito franquista, esixíndolle a cantidade de cincuenta mil pts., como contribución á organización.

Outra das accións é o axustizamento de Xesús Cuñarro Mosteiro o 10 de febreiro de 1948 na parroquia de Cercio acusado pola agrupación de participar nos “paseos” durante o “Movimiento”.

Nesta liña de actuacións, unha das intencións eran poñer en práctica as execucións dos falanxistas Benito Rivas Fondevila e Pena de Fonteboa de Silleda. Segundo a agrupación guerrilleira foron os organizadores dos “paseos” en Silleda. Precisamente, o 9 de abril de 1948, no asalto á casa de Rivas en Siador, Miguel “O Corcheiro” é ferido polos disparos de escopeta producidos por Benito Rivas, poñendo practicamente fin da actividade guerrilleira na Comarca. O cadáver de Miguel presentaba máis feridas das que podía facer o Rivas e segundo a historia local, Miguel foi rematado polos propios compañeiros. Na autopsia o cadáver presenta máis de cinco feridas de arma curta. Á parte das cousas persoais aparece unha carta de Benigno Andrade que di así.

Cuando es elevado el espíritu de la lucha, la moral ha de ser proporcional a aquel puesto que nuestro interés combativo hacia la liberación de España y bien claro y sólo nosotros los camaradas hermanados tanto en el dolor como en las alegrías debemos criticarnos en nuestras acciones al objeto de formar bien sentado nuestro proceder por cualquier sitio donde pasemos.

En nuestros ratos de ocio, cuando nuestra mentalidad empieza a bajar, debemos procurar desterrar estos pensamientos malos y cultivar y perfeccionar con ejercicios de capacitación a nuestra manera de pensar y de obrar.

Desterrremos de nuestra mente los malos pensamientos y las malas acciones, pensemos cosas puras claras y saludables que el hombre es como piensa, yo invito a todos los camaradas a perfeccionar nuestro proceder puesto que... nos lleve hacia una sociedad mejor y más perfecta.

Benigno.

Por outra banda, Eugenio Rueda Perosanz, man dereita de Seoane, xunto con este último, detéñenos aos dous na Coruña, ao regreso dunha viaxe de Pamplona na procura de explosivos. A policía tiña moita información polo que seguro tiña localizada a casa de Seoane. Eugenio Rueda Perosanz foi executado na parroquia de Ombre en Pontedeume ás 7 da mañanciña do 16 de agosto de 1948.

As condicións da loita armada contra o Réxime de Franco non pararon de deteriorarse dende o remate da IIª guerra mundial. Existe un gran pesimismo dentro dos guerrilleiros e o peor é que o Partido Comunista e a Guerrilla son o mesmo.

Moalde

Victor García Estanillo O Brasileiro

Extracto libr. Ejercito Guerrillero de Galicia, de Lupe Martinez

13 Foi condenado a morte pola organización comunista, acusado de infiltrado e de estar en contacto cos servizos aliados na rede de evacuación de pilotos derribados na fronte europea e que, dende Francia, cruzaba por Galicia cara a Portugal. Xunto a Teófilo Fernández, será asasinado na aldea pontevedresa de Moalde (Lalín). Algunhas fontes sinalan a “Marrofer” como responsábel destas mortes. Do que non cabe dúbida é de que a dirección, encabezada por Gayoso, estaba ao tanto da eliminación de ambos, tal e como demostra o informe de Galicia de agosto de 1946. Nel atopamos frases tan reveladoras como as seguintes: “la lucha con García y su grupo, su liquidación política y física es nuestra mayor preocupación (...)”, “...creemos estar en camino de liquidarlo pronto”. “Esta atrincherado en el monte de Vigo con un grupito de auténticos bandoleros (...)”. Voltamos a atopar referencias significativas nunha Carta de Galicia datada o 23 de abril de 1948 e na que aparecen frases tan elocuentes como as que, a continuación reproducimos: “Por fin lo cazamos. Este canalla se nos escurría como una sanguijuela. Logramos localizarle en la comarca de Lalín. Desde allí (...) movía los hilos de ciertos grupos aventureros y desclasados”, “...un provocador que nos dio muchos disgustos y que, aunque tarde, hemos eliminado”. AHPCE

Extractos libr. Non agardei por Ninguen, de Ramón de Valenzuela

Abades

Xa descansado encamiñei ao coto solitario de San Queitán. No cume de San Queitán había unha ermida pequeniña que de lonxe non se vía, porque estaba rodeada de vellos carballos e altos castiñeiros que nunca se escotaran. Había dous mil anos que fora castro celta e tiña un só camiño de acceso. Soamente o día do santo dicía alí misa o crego de Abades¹

Espertamos cando xa ía alta a mañá. Ouvíase o esvarar barullento do río da Deza que daba a impresión de que o silencio fora maior. Un silencio activo. O punto de partida do silencio. O tempo nunca estivera máis calado na carballeira de San Queitán, Os carros que asubiaban cos eixos polas congostras de Bazar, semellaban almas herexes camiño dun purgatorio aldeán. Os autos que de vez en cando subían a empinada costa de Sulago22 eran escándalo adúltero e remachón daquela paz milenaria.

¿Que eramos nosoutros, oito guerrilleiros, armados de pistolas e incluso dous fusís Máuser?

Reboreda

A casa de Souto de Reboreda34 está moi perto do río no medio do monte. Non hai por ela camiño de pasantía. Souto non tiña parentes, amigos nin inimigos, nin acreedores nin deudores. Era labrego e pescador de cana. Ía todos os domingos á misa e a confesar por Pascoa florida. Non era vello nin novo, nin gordo nin fraco, nin alto nin baixo, nin rico nin pobre. Cada dous ou tres meses vendía algo na feira da Vandeira e indefectiblemente tomaba unha borracheira integral. Nunha desas feiras, denantes da pítima, coñeceu ao Naranxo, que o acompañou por todas as tabemas, sen beber nada, e ao final tivo que o levar á casa cáseque a remolque. Na mona de

¹ Lugar da parroquia de Santa María de Abades (Silleda, Pontevedra).